

## Para que serven as tarefas?

A **arefa** é unha das ferramentas para recoller o traballo do alumnado dun curso. O profesorado propón o enunciado e o alumnado traballará sobre o mesmo para, finalmente, enviar unha solución á proposta do enunciado da tarefa.

O módulo **arefa** permite ao alumnado subir documentos en practicamente calquera formato electrónico e estes documentos quedan almacenados para a súa posterior avaliación por parte do profesor, á que tamén poderá engadir un "*feedback*" ou comentario que chega de forma independente a cada alumno e alumna mediante o correo electrónico.

A solución a unha **arefa** non ten que consistir necesariamente en subir uns ficheiros á plataforma (aínda que este é o uso máis habitual), senón que existen tarefas nas que o alumnado pode escribir directamente a solución no propio Moodle ou que servirán para coñecer o enunciado, datas de entrega e cualificación dos traballos entregados fisicamente na aula.



Imaxe 5.9.1 Actividade tipo tarefa.

## Como se crea unha tarefa?

1. Dende a páxina principal do curso preme "**activar edición**".
2. No tema que se desexe pulsa "**Engadir unha actividade ou un recurso**".
3. Selecciona a actividade tipo "**Tarefa**".
4. Finalmente, pulsa o botón "**Engadir**".

Os distintos aspectos que se poden configurar, clasifícanse por apartados:

### Xeral

**Nome da tarefa** = introduce un nome como título para esta tarefa.

**Descrición** = introduce un pequeno texto a modo de descrición da tarefa.

### Disponibilidade

**Permitir entregas de** = se está activado, o alumnado non poderá facer entregas antes desta data. Se está desactivado, poderá comezar as entregas de inmediato.

**Data límite** = isto refírese a cando vence a tarefa. As entregas aínda se permitirán despois desta data pero calquera tarefa entregada tras esta data marcarase como atrasada. Para evitar entregas despois dunha certa data, establece a data de corte da tarefa.

**Data de corte**= de estar definida, a tarefa non aceptará entregas despois desta data sen unha prórroga.

**Amosar sempre a descrición** = se NON está activado, a descrición da tarefa anterior só será visible para o alumnado na data "Permitir entregas de".

### Tipos de entrega

**Entregas de ficheiros** = se está activado, o alumnado deberá enviar un ou máis ficheiros como entrega.

**Texto en liña** = se está activado, o alumnado debe escribir un texto (texto enriquecido) directamente nun campo do editor para a súa entrega.